

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 31 DE MAIO DE 2012.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D.<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D.<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día trinta e un de maio de 2012, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez. Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/ ANTERIORES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/03/2012 e a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/04/2012 de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade acordou:

**ÚNICO.-** Aprobar as actas da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/03/2012 e a da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/04/2012.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.- COMUNICACIÓN VENCEMENTO PÓLIZA SEGURO DE ACCIDENTES DE MAPFRE FAMILIAR.**

Pola secretaria dase conta da comunicación enviada pola empresa MAPFRE FAMILIAR Compañía de Seguros y Reasegurados S.A., escrito con rexistro de entrada n.º 562 con data do 26/04/2012, no que se comunica que a actividade de seguro de accidentes pasará a ser desenvolvida e xestionada pola entidade do Grupo MAPFRE VIDA e comunica o vencemento de dito seguro, do cal farán chegar para a súa sinatura unha nova póliza ou documentación contractual correspondente nos mesmos termos establecidos actualmente.

Infórmase da necesidade de contratación legal dos seguros evitando contratos menores encadenados e incumprindo a lexislación de contratos.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.2.- COMUNICACIÓN DA ESCUDERÍA DE CLÁSICOS O TOXO PARA A CELEBRACIÓN DA I RUTA DE CLÁSICOS LALIN-BOIMORTO-MELIDE.**

Pola secretaria dase conta da comunicación de Escudería de Clásicos O Toxo, escrito con rexistro de entrada n.º 585 con data do 03/05/2012 no que se comunica que organizan o día 2 de xuño a “I Ruta de clásicos Lalin-Boimorto-Melide” que pasará por este Concello dende as 11:30 e 17:00 horas.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.3.- APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN DE PROGRAMA DE ANIMADORES CULTURAIIS MUNICIPAIIS 2010**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 601 de data 07/05/2012, no que comunica a aprobación da xustificación da subvención aboada como anticipo prepagable ao Programa de Animadores Culturais municipais 2011:

Importe da subvención: 7.500,00 euros

Importe da xustificación: 18.660,12 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.4.- APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE XUSTIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2011**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Educación, Cultura e Deportes, rexistro de entrada 608 de data 08/05/2012, no que comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida de conformidade coa convocatoria de programas de apoio ó deporte:

Actividades deportivas 2011

Importe da subvención: 3.995,64 euros

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.5.- CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE A TRANSFERIR POLA PRESTACIÓN AXUDA NO FOGAR.**

Pola secretaria dase conta da certificación enviada pola da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada 634 de data 10/05/2012, da cantidade que se liquidará e transferirá a este Concello correspondente ao 1º trimestre 2012 pola prestación de axuda no fogar: 12.222,00 euros. Por catro trimestres corresponden un total de 48.888,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.6.- COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DE RESCISIÓN DO CONSORCIO PARA REPOBOAR O MONTE DE “BRATES”**

Pola secretaria dase conta da comunicación enviada pola da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, rexistro de entrada 645 de data 11/05/2012, no que se comunica que se rescinde o consorcio asinado entre o Patrimonio Forestal do Estado e este Concello para repoboar o monte de “Brates”.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as, sen presentar alegacións e acordan comunicar por certificación este acordo.

### **2.1.7.- APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE XUSTIFICACIÓN POS 2011**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Servizo de Xestión de Plans, rexistro de entrada 641 de data 11/05/2012, no que comunica a aprobación da xustificación relativa ó pago dos gastos correntes realizados no 2011 dentro do POS 2011 por importe de 98.053,24 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.8.- COMUNICACIÓN DE MICROSOFT IBÉRICA DE COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado por Microsoft Iberica S.R.L., rexistro de entrada 745 de data 28/05/2012, no que comunica o compromiso e disposición para colaborar con este Concello no desenvolvemento dos sistemas e tecnoloxías da información e da comunicación municipais para implantación e desenvolvemento da administración electrónica.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e deciden pedir informe ao técnico de dinamización turística económica sobre a situación das licenzas informativas no Concello.

### **2.1.9.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO POS 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Plans Provinciais, rexistro de entrada 763 de data 30/05/2012, enviando circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2012.

Financiación de proxectos de obra			
Denominación	Concello	Depu. F.P.	Total
Mellora drenaxe Aquelavila, Souto, Cabana e outros	2.089,65	38.594,53	40.684,18
Mellora drenaxe Vilanova, Sixto, Piñeiro e outros	2.165,47	39.994,93	42.160,40

Subvención aplicada a gastos correntes: 117.884,20 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

### **3.1.- LICENZAS**

### **3.2.- PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 4/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 260, con data 01/03/2012, presentada por Dña. María del Carmen Cantero Núñez, con domicilio a efectos de notificación na rúa Manuel García, 2 PO3 E Madrid, na que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 1 da rúa Vilanova, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunica-

cións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. María del Carmen Cantero Núñez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 1 do lugar de Vilanova, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 5/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 747, con data 28/05/2012, presentada por D. Carlos Garea Sánchez, con domicilio a efectos de notificación en R/ Emilio Cans nº 13 1º, Melide, A Coruña, no que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga dun galpón sito no lugar de Iglesia, parroquia de Dorneá, deste termo municipal, advertindo que se debe informar sobre a situación do almacén e a súa legalidade, e segundo os artigos 25.2.1) e 26.1.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, as SSTS de 14 de febreiro de 1994, 21 de novembro de 1996, 17 de xullo e 22 de decembro de 2000 entre outras, así como as do STSJ de Castela e León, de 12 de abril, 5 de decembro de 2003 e 2 de abril de 2005, entre outras, a STS de 16 de decembro de 1987 e a STSJ de Andalucía de 29 de setembro de 2003; polo que o servizo domiciliario de auga potable configúrase un servizo mínimo, de prestación obrigatoria polos municipios e que é directamente esixible polos interesados. Non obstante, a obrigatoriedade é para o abastecemento domiciliario e de consumo doméstico (entendido por tal o humano e o que se realiza dentro do solo urbano para pequenas industrias de pouco consumo) sen que poidan entenderse comprendidos dentro deste concepto os de carácter agrícola ou gandeiro e o ámbito territorial ao que a de extenderse tamén obrigatoriamente é o urbano. Cando a prestación do servizo se extenda a outras actividades ou a outro tipo de solo, ten que quedar garantido o cumprimento do principio de igualdade e condicionado á salvagardala regularidade da prestación do servizo en canto a caudal, presión, etc, dos abastecementos domiciliarios ao ter estes carácter prioritario.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Carlos Garea Sánchez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga do galpón, con licenza de obra concedida na Comisión de Goberno Local en sesión celebrada con data 25/10/1994, sito no lugar de Iglesia, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 8/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 682, con data 18/05/2012, presentada por Dna. Elisa Varela Rey, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Fontao, 9 Brates, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 9 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Elisa Varela Rey, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 9 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 9/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 737, con data 25/05/2012, presentada por D. Manuel Roberto Veiga Guerra, con domicilio a efectos de notificación na rúa Pazo, 7 1.º, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros do establecemento adicado a panadería sito no número 9 da rúa Pazo, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Manuel Roberto Veiga Guerra, autorización para conexión á rede de sumidoiros do establecemento adicado a panadería sito no número 9 da rúa Pazo, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

##### **4.1.- URBANISMO**

##### **4.1.1.- REMISIÓN A URBANISMO EXPEDIENTE PARA A OBTENCIÓN DE AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PREVIA Á LICENZA DE OBRA EN SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN DE PLANTA BAIXA E ALTA, DESTINADO A VIVENDA ALUGUER, MODALIDADE DE TURISMO RURAL EN DORMEÁ**

Vista a solicitude presentada por D. Camilo Saavedra Penas, en nome e representación de XUBIAL S. Coop. Galega en data 22/03/2012 con rexistro de entrada 342 acompañando “Proxecto de execución de rehabilitación de edificación de planta baixa e alta, destinado a vivenda en aluguer, modalidade de turismo rural situado no lugar de Piñeiro, parroquia de Dormeá, concello de Boimorto”, redactado polo arquitecto Dna Jacinta Saavedra Penas, colexiada número 4.063 e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 16/03/2012 co número 1202283,1.

Visto o anexo ao proxecto presentado con data 16/04/2012 con rexistro de entrada 495 redactado polo mesmo técnico.

Vista a documentación complementaria presentada con data 18/04/2012 con rexistro de entrada 512

Visto o informe técnico asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos adscrito ao departamento de planeamento e urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A con CIF A-15056468 empresa adxudicataria do contrato para a prestación de servizo de asistencia técnico urbanística ao Concello de Boimorto, infomre de data 30/04/2012.

Tendo en conta o establecido no artigo 41.c) da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, a Xunta de Goberno Local, órgano municipal que ten atribuída a competencia para outorgar a licenz de obras **INFORMA:**

**PRIMEIRO.-** Que as obras que se pretenden realizar sitúanse en solo rústico de protección agropecuaria de conformidade co establecido no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto.

**SEGUNDO.-** Trátase dun uso autorizable dos sinalados no artigo 75 do PXOM, 33.2 e 37.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, sendo correcta a ubicación en solo rústico de protección agropecuaria.

**TERCEIRO.-** Por todo o exposto infórmase favorablemente a actuación solicitada e acórdase a remisión de certificación deste acordo xunto con copia do expediente completo á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

##### **4.2.- OBRAS E SERVIZOS**

##### **4.2.1.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ADQUISICIÓN DE COLECTORES DE LIXO E ARRANXO DE DÚAS DEPURADORAS.**

Pola secretaria dase conta da convocatoria publicada no DOG nº 87 do 08/05/2012, Orde do 4 de maio de 2012, pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar ao abeiro da Orde de data 04/05/2012 pola que se regula a concocatoria de subvencións e os criterios de reparto do fondo de compensación ambiental as que a continuación se citan:

- Subvención de natureza non competitiva para os concellos con aeroxeradores (liña de subvención establecida no artigo 4.1.a.1) da Orde da convocatoria): “A adquisición de colectores de lixo amarelos” por importe de 8.799,97 euros (importe total da memoria valorada 8.799,97 euros).

- Subvención de natureza competitiva para todos os concellos (liña de subvención establecida no artigo 4.1.b.1) da Orde da convocatoria): “Arranxo de dúas depuradoras na parroquia de Boimorto” por importe de 31941,38 euros que supón o 80% do importe total da memoria (importe total da memoria valorada 39.926,72 euros).

**SEGUNDO.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mencionada Orde de data 04/05/2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicada no DOG nº 87 de data 08/05/2012.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo e demais documentación complementaria ao Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

#### **4.2.2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA REFORMA E ADAPTACIÓN DE PARCELA NA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO.**

Pola secretaria dase conta da convocatoria publicada no DOG nº 77 do 23/04/2012 , Resolución do 9 de abril de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos polos concellos e mancomunidades de concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o período 2012-2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar ao abeiro da Resolución de data 09/04/2012 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais unha subvención para o proxecto de “Implantación e mellora de servizos asistenciais, culturais, educativos recreativos, deportivos e de lecer” dentro da liña de axuda medida 321: Servizos básicos para a economía e a poboación rural, por importe de 149.420,49 €uros que corresponden ao importe total do proxecto 149.420,49 €uros.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo e demais documentación complementaria á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural.

#### **4.2.3- CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO**

t

Vista a proposta de contratación dos servizos de prevención presentada por Mugatra Sociedad de prevención S.L.U. para o persoal da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto, con enderezo na rúa Gándara, 73 Boimorto, con CIF B-70055504 e con entrada no Concello nº 756 en data 28/05/2012

Considerando que se trata dun contrato de servizos menor regulado nos artigos 10, 111, e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e tendo en conta o contido destes artigos, que non permiten a duración superior a un ano dos contratos menores, nin a prórroga dos mesmos nin a revisión do seu prezo.

Vista a documentación sobre a empresa acreditativa da súa capacidade e solvencia, declaración xurada de non incorrer en prohibición para contratar con esta administración e certificados que acreditan que está o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Considerando a necesidade da contratación destes servizos para o persoal contratado a contar a partir do 1 de xuño da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto que se indica:

8 Xerocultores/Auxiliares de xeriatria

1 Pinche

1 Fisioterapeuta

Polo prezo de:

- Concerto Base (CB): 346,11 euros/ano (inclúe 1.0 horas de formación)+ IVE

- Vixilancia da Saúde (VS):

a) Importe fixo: 12.66 euros/ano por cada traballador segundo a plantilla da empresa nos últimos 12 meses + IVE

b) Importe variable: exento de IVE

a. Recoñecemento médico xenérico: 29,80 euros por recoñecemento realizado en clínicas Mugatra.

Que será pagado nos prazos legalmente establecidos por transferencia bancaria á conta indicada pola contratista.

Autorizando á contratista a que solicite os datos de siniestralidade á mutua entidade xestora de AT e EP.

Tendo un prazo de vixencia dun ano a contar dende a recepción da notificación deste acordo pola contratista.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Contratar os servizos de prevención para o persoal e baixo as condicións indicadas nos considerandos deste acordo na modalidade concertada de concerto base e vixilancia da saúde e especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial ergonomía e vixilancia da saúde baixo o contido e alcance das condicións xerais indicadas pola contratista na súa oferta, á Mugatra Sociedad de prevención S.L.U. con CIF B-70055504

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á empresa contratada os efectos oportunos.

#### **4.2.4- CONTRATO MENOR DOS SERVIZO DE ENFERMERÍA DA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO DENDE O 1/6/2012 ATA O 31/12/2012.**

Vista a tramitación da baixa voluntaria da ATS da Miniresidencia contratada e que tirando da bolsa de emprego por renuncias xustificadas e tendo 10 días para presentar a documentación para a contratación a última seleccionada da bolsa, nos atopamos ante a necesidade urxente de contratación dos servizos de ATS para a Miniresidencia e Centro de día persoal necesario para o seu funcionamento.

Visto a documentación sobre a empresa “O Espertar Servizos Sociais, S.L.”, con CIF nº B70253042 da que vistas escrituras son Administradoras Mancomunadas Dna. Natalia Vázquez Rodríguez, DNI 78794044T e Dna. Iria Vázquez Rodríguez, DNI 45860244S empresa de prestación de servizos sociais e visto que a empresa se compromete a prestar os servizos que se sinalan neste acordo por persoal coa titulación de ATS necesaria para o desempeño do posto. Considerando que dita empresa ten a titulación necesaria para acreditar solvencia e capacidade que lle permite contratar con esta Administración os servizos de enfermería na Miniresidencia e Centro de día de Boimorto así como que non incurre en prohibición para contratar con esta administración.

Considerando inicialmente a necesidade desta contratación dende a data de hoxe ata o día 31/12/2012, e ofertando a empresa os servizos de enfermería durante todo o ano que queda dando cobertura presencial ou localizable tal e como se indica a continuación destes servizos para a Miniresidencia e o Centro de día polo prezo de 1.700 € mensuais exento de iva polo artigo 20.1.3 da lei do iva a xornada diaria completa en horario de 8:00 h a 14:00 h e de 19:00 h a



21:00 h de luns a venres e localizable por algunha urxencia as 24 horas estando presencial na Miniresidencia os sábados de 8:30 h a 13:30 h e localizable por algunha urxencia as 24 horas ambos os días (sábados polas tardes e domingos) dando prestación do servizo presencial ou localizable segundo o día da semana que coincida de tratarse de festivos.

Visto que se trata dun contrato de servizos menor regulado nos artigos 10, 111, e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público e tendo en conta o contido destes artigos.

Polo presente en uso da facultades outorgadas legalmente a esta Alcaldía pola lexislación vixente en materia de contratación e avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local ante e urxente necesidade de contratación destes servizos para o funcionamento correcto da Miniresidencia **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Contratar os servizos de enfermería (ATS) con estas funcións:

- Vixiar e atender ós residentes, as súas necesidades xerais humanas e sanitarias, especialmente no momento en que estes necesiten dos seus servizos.
- Preparar e administrar os medicamentos segundo prescricións facultativas, especificamente os tratamentos.
- Tomar as constantes vitais ós residentes periodicamente (a presión sanguínea, o pulso e a temperatura).
- Colaborar cos médicos preparando o material e medicamentos a utilizar.
- Ordenar as historias clínicas, anotar os datos relacionados coa propia función que deba figurar.
- Atender ó residente encamado por enfermidade, efectuando os cambios posturais prescritos, controlando o servizo de comidas ós enfermos e subministrando directamente a aqueles maiores que requiran alimentación instrumentalizada (sonda nasogástrica, sonda gástrica...)
- Controlar a hixiene persoal dos residentes e tamén os medicamentos e alimentos que estes teñan nas habitacións.
- Atender as necesidades sanitarias que teña o persoal que traballa no centro e sexan da súa competencia.
- Realizar todas aquelas curas que os residentes precisen e informar puntualmente ó servizo técnico da súa evolución ou de novas aparicións, etc.
- Colaborar cos/coas fisioterapeutas nas actividades, ó nivel de cualificación das cales sexan compatibles coa súa titulación ATS/DUE, cando as súas funcións específicas o permitan.
- Realizar, en colaboración coa Dirección, os pedidos de farmacia, analítica e radioloxía.
- Vixiar e ter coidado da execución das actividades de tipo físico recibida polo médico, observando as incidencias que poidan presentarse durante a súa realización.
- En xeral, todas aquelas actividades non especificadas anteriormente que lle sexan pedidas e que teñan relación co anterior.

A “O Espertar Servizos Sociais, S.L.” con CIF nº B70253042 para a Miniresidencia e o Centro de día polo prezo de 1.700 € mensuais exento de iva polo artigo 20.1.3 da lei do iva contratando o servizo tal e como se describe nos considerandos deste decreto que será retribuído previa presentación de factura que obteña conformidade a mes vencido e por transferencia nos prazos marcados legalmente.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente decreto á contratada os efectos oportunos.

#### **4.2.5.- CONTRATO MENOR PRIVADO PARA COMPRA VENTA DE MATERIAL PARA XIMNASIO MUNICIPAL.**

Vista a necesidade de adquisición de material para ximnasio municipal, e sendo posible a adquisición de material libre de cargas e gravámenes por venta de D. Roberto Salvador Tejedor con DNI nº 33276565G por cese e peche de ximnasio, material que a continuación se especifica con prezos ofertados:

<u>CONCEPTO</u>	<u>PREZO</u>	<u>CANTIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
Vuelos hombro	225	1	225
Poela Baja	225	1	225
Poela Alta	225	1	225
Peck deck	225	1	225
Femoral Tumbado	225	1	225
Cuadríceps sentado	225	1	225
Sentadilla/Gemelo Pie	225	1	225
Abductor/adutor de pie	225	1	225
Máquina dominadas	300	1	300
Jaula multifunción	300	1	300
Multipower	300	1	300
Mancuerno+mancuernas	300	1	300
Pirámide olimpina	50	1	50
Pirámide normal	50	1	50
Barras olímpica/normal (180-150-120-Z-U)	200	1	200
Discos olímpicos	200	300kg	200
Discos normales	200	300kg	200
Bancos regulables	150	2	150
Suelo puzzle	450		450
Espejos	200	10	200

Total: 4.500 euros

Tendo en conta que en aplicación do artigo 7 .1 da Lei do ive 30/1992 de 28 de decembro que sinala que esta operación non está suxeita o ive e que pode tramitarse exención do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados previa tramitación oportuna ante os servizos de facenda.

Vista a normativa sobre contratación menor neste caso de contrato de suministro para adquisición de bens mobles que a continuación se reproduce literalmente contida no Texto refundido da Lei de contratos do sector público :

##### **Artículo 9. Contrato de suministro.**

1. Son contratos de suministro los que tienen por objeto la adquisición, el arrendamiento financiero, o el arrendamiento, con o sin opción de compra, de productos o bienes muebles.

2. Sin perjuicio de lo dispuesto en la letra b) del apartado 3 de este artículo respecto de los contratos que tengan por objeto programas de ordenador, no tendrán la consideración de contrato de suministro los contratos relativos a propiedades incorpóreas o valores negociables.

3. En todo caso, se considerarán contratos de suministro los siguientes:

Aquellos en los que el empresario se obligue a entregar una pluralidad de bienes de forma sucesiva y por precio unitario sin que la cuantía total se defina con exactitud al tiempo de celebrar el contrato, por estar subordinadas las entregas a las necesidades del adquirente. No obstante, la adjudicación de estos contratos se efectuará de

acuerdo con las normas previstas en el Capítulo II del Título II del Libro III para los acuerdos marco celebrados con un único empresario.

Los que tengan por objeto la adquisición y el arrendamiento de equipos y sistemas de telecomunicaciones o para el tratamiento de la información, sus dispositivos y programas, y la cesión del derecho de uso de estos últimos, a excepción de los contratos de adquisición de programas de ordenador desarrollados a medida, que se considerarán contratos de servicios.

Los de fabricación, por los que la cosa o cosas que hayan de ser entregadas por el empresario deban ser elaboradas con arreglo a características peculiares fijadas previamente por la entidad contratante, aun cuando ésta se obligue a aportar, total o parcialmente, los materiales precisos.

#### **Artículo 19. Contratos administrativos.**

1. Tendrán carácter administrativo los contratos siguientes, siempre que se celebren por una Administración Pública:

Los contratos de obra, concesión de obra pública, gestión de servicios públicos, suministro, y servicios, así como los contratos de colaboración entre el sector público y el sector privado. No obstante, los contratos de servicios comprendidos en la categoría 6 del Anexo II y los que tengan por objeto la creación e interpretación artística y literaria y los de espectáculos comprendidos en la categoría 26 del mismo Anexo no tendrán carácter administrativo.

Los contratos de objeto distinto a los anteriormente expresados, pero que tengan naturaleza administrativa especial por estar vinculados al giro o tráfico específico de la Administración contratante o por satisfacer de forma directa o inmediata una finalidad pública de la específica competencia de aquélla, siempre que no tengan expresamente atribuido el carácter de contratos privados conforme al párrafo segundo del artículo 20.1, o por declararlo así una Ley.

**2. Los contratos administrativos se registrarán, en cuanto a su preparación, adjudicación, efectos y extinción, por esta Ley y sus disposiciones de desarrollo; supletoriamente se aplicarán las restantes normas de derecho administrativo y, en su defecto, las normas de derecho privado. No obstante, a los contratos administrativos especiales a que se refiere la letra b) del apartado anterior les serán de aplicación, en primer término, sus normas específicas.**

#### **Artículo 111. Expediente de contratación en contratos menores.**

1. En los contratos menores definidos en el artículo 138.3, la tramitación del expediente sólo exigirá la **aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.**

2. En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando normas específicas así lo requieran. Deberá igualmente solicitarse el informe de supervisión a que se refiere el artículo 125 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.

#### **Artículo 138. Procedimiento de adjudicación.**

**3. Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas establecidas en el artículo 111.**

Se consideran contratos menores los contratos de importe inferior a 50.000 euros, cuando se trate de contratos de obras, o a **18.000 euros, cuando se trate de otros contratos**, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 206 en relación con las obras, servicios y suministros centralizados en el ámbito estatal.

Considerando que a persona física vendedora non está incurso en prohibición para contratar con esta administración así como ten capacidade para contratar con este Concello, a Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-**Contratar como menor o suministro dos seguintes bens mobles para ximnasio municipal:

<u>CONCEPTO</u>	<u>PREZO</u>	<u>CANTIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
Vuelos hombro	225	1	225
Poela Baja	225	1	225
Poela Alta	225	1	225
Peck deck	225	1	225
Femoral Tumbado	225	1	225
Cuadríceps sentado	225	1	225
Sentadilla/Gemelo Pie	225	1	225
Abductor/adutor de pie	225	1	225
Máquina dominadas	300	1	300
Jaula multifunción	300	1	300
Multipower	300	1	300
Mancuerno+mancuernas	300	1	300
Pirámide olimpina	50	1	50
Pirámide normal	50	1	50
Barras olímpica/normal (180-150-120-Z-U)	200	1	200
Discos olímpicos	200	300kg	200
Discos normales	200	300kg	200
Bancos regulables	150	2	150
Suelo puzzle	450		450
Espejos	200	10	200

Total: 4.500euros

Con D. Roberto Salvado Tejedor con DNI 33276565G que responderá en garantía de ditos bens polo período dun ano así como os suministrará baixo as condicións sinaladas pola Alcaldía no prazo máximo de 15 días hábiles dende a recepción desta notificación.

